

10.3 Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto.

## ANEXO II

### Materias básicas por rama de coñecemento

#### *Artes e humanidades*

Antropoloxía.  
Arte.  
Ética.  
Expresión artística.  
Filosofía.  
Xeografía.  
Historia.  
Idioma moderno.  
Lingua.  
Lingua clásica.  
Lingüística.  
Literatura.  
Socioloxía.

#### *Ciencias*

Bioloxía.  
Física.  
Xeoloxía.  
Matemáticas.  
Química.

#### *Ciencias da saúde*

Anatomía animal.  
Anatomía humana.  
Bioloxía.  
Bioquímica.  
Estatística.  
Física.  
Fisioloxía.  
Psicoloxía.

#### *Ciencias sociais e xurídicas*

Antropoloxía.  
Ciencia política.  
Comunicación.  
Dereito.  
Economía.  
Educación.  
Empresa.  
Estatística.  
Xeografía.  
Historia.  
Psicoloxía.  
Socioloxía.

#### *Enxeñaría e arquitectura*

Empresa.  
Expresión gráfica.  
Física.  
Informática.  
Matemáticas.  
Química.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18774** REAL DECRETO 1402/2007, do 29 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, polo que se aproba o Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012. («BOE» 260, do 30-10-2007.)

O Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012 (PNA), aprobado polo Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, establece para o quinquenio 2008-2012 a cantidade total de dereitos que se prevé asignar ás instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, que regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. Tamén establece a metodoloxía de cálculo para a asignación individual de dereitos, determina a cantidade correspondente á reserva de novos entrantes e as regras para a súa asignación.

De conformidade co artigo 9 da Directiva 2003/87, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, que establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e que modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, o Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, notificóuselle á Comisión Europea o 30 de novembro de 2006.

A Decisión da Comisión Europea do 26 de febreiro de 2007, relativa ao Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para 2008-2012 presentado por España, estableceu a súa aprobación, condicionándoa á introdución de determinadas modificacións e á remisión de información complementaria.

A reforma do PNA solicitada pola Comisión Europea levouse a cabo mediante a aprobación do Real decreto 1030/2007, do 20 de xullo, cuxos principais elementos foron unha pequena minoración do volume total de dereitos obxecto de asignación e a redución da porcentaxe de créditos procedentes de mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Kioto dos cales poden facer uso as empresas para o cumprimento das súas obrigas de entrega.

Unha vez adaptado o PNA aos requisitos da Comisión Europea, e de conformidade co establecido na Lei 1/2005, calculouse a asignación provisional individual ás instalacións afectadas, co obxecto de sometela ao trámite de información pública. O prazo para presentar observacións abriuse o día 24 de xullo de 2007 e pechouse o 25 de agosto de 2007. A análise das alegacións presentadas puxo de manifesto nalgúns casos a procedencia da súa estimación. A modificación das asignacións provisionais de certas instalacións e, particularmente, a asignación de dereitos a determinadas instalacións indebidamente excluídas da listaxe de asignación provisional repercuten nalgunhas asignacións sectoriais, co que se fai necesario reformar o PNA neste sentido.

Este real decreto leva a cabo a devandita reforma, aumenta lixeiramente a asignación dos sectores de xeración eléctrica, coxeración, combustión, siderurxia, cal, ladrillos e tellas, azulexos e baldosas e papel, e reduce correlativamente o número de dereitos de emisión da reserva de novos entrantes, de xeito que o volume total de dereitos de emisión se mantén constante.

A reforma do PNA realízase de conformidade coa decisión da Comisión Europea do 26 de febreiro de 2007,

cuxo artigo 2, punto 2, di que este «poderá ser modificado sen necesidade de aceptación previa por parte da Comisión se a modificación consiste en cambios na asignación de dereitos de emisión ás distintas instalacións e tales cambios se efectúan dentro da cantidade total asignada ás instalacións recollidas naquel como resultado de melloras técnicas na calidade dos datos, ou consiste nunha diminución da proporción dos dereitos de emisión asignados de forma gratuíta conforme os límites marcados polo artigo 10 da directiva».

Este real decreto dítase de conformidade co previsto no capítulo IV da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e logo de consulta á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, de Economía e Facenda e de Industria, Turismo e Comercio e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de outubro de 2007,

#### DISPÓN O :

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, polo que se aproba o Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012.*

O Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012 (PNA), recollido no anexo do Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O cadro resumo dos pasos e os temas clave na elaboración do PNA incluído no seu número 2 queda modificado nos seguintes termos:

a) No recadro de «Cantidade total de dereitos para o período 2008-2012, sectores incluídos na Lei 1/2005» substitúese o texto actual polo seguinte:

«Propónse a repartición de 145,973 Mt CO<sub>2</sub>/ano e unha reserva adicional de 6,277 Mt CO<sub>2</sub>/ano para novos entrantes, resultando unha asignación total de 152,250 Mt CO<sub>2</sub>/ano, cunha redución do 19,8 por cento respecto ás emisións de 2005 (189,85 Mt).»

b) No recadro de «Nivel sectorial, sector eléctrico» substitúese o texto actual polo seguinte:

«Asígnanse ao sector eléctrico 54,420 Mt CO<sub>2</sub>/ano en 2008-2012. Dada a limitación do volume total de dereitos e a vontade de realizar unha asignación que minimize a posibilidade de incidir negativamente na competitividade e o emprego, mantívose o criterio de trasladar os esforzos adicionais de redución ao sector menos exposto ao comercio internacional e con maior capacidade para internalizar custos.»

c) No recadro de «Nivel sectorial, sectores industriais» substitúese o texto actual polo seguinte:

«Asígnanse 73,885 Mt CO<sub>2</sub>/ano en 2008-2012 para os sectores industriais. A asignación determinouse

aplicando un factor de intensidade de emisións por unidade de produción. Considéranse para o cálculo as emisións verificadas no ano 2005 e as cifras de produción para ese exercicio. Este factor axustouse tendo en conta o potencial de redución de emisións de cada sector industrial. O factor de intensidade axustado aplicouse á produción de cada sector industrial prevista para o período 2008-2012.»

d) No recadro de «Instalacións de combustión dos números 1.b) e 1.c) da Lei 1/2005» substitúese o texto actual polo seguinte:

«Asígnanse 17,668 Mt CO<sub>2</sub>/ano en 2008-2012. A metodoloxía de asignación empregada é conceptualmente similar á utilizada para o resto de instalacións dos sectores industriais.»

e) No recadro «Reserva» substitúese o texto actual polo seguinte:

«Establécese unha reserva gratuíta do 4,30% sobre o total de dereitos asignados a instalacións incluídas no plan, o que supón 6,277 millóns de dereitos/ano.

Os dereitos da reserva non asignados antes do 30 de xuño de 2012 poderán ser alleados conforme o disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.»

Dous. O punto 3.C queda modificado nos seguintes termos:

a) O terceiro guión do parágrafo sexto -«Total de dereitos que se asignan»- queda redactado como segue:

«No Plan 2008-2012 asignaranse de balde un total de 761,250 millóns de dereitos de emisión. Esta cifra equivale a unha repartición de 145,973 millóns de dereitos/ano entre as instalacións incluídas no plan, ou o que é equivalente, un 76,9% das emisións que tiveron en 2005 as instalacións do ámbito da Lei 1/2005. O Plan 2008-2012 supón unha redución do 18,4% respecto á asignación anual considerada no Plan 2005-2007 (sen ter en conta as reservas).»

b) O cuarto guión do parágrafo sexto -«Reserva»- queda redactado como segue:

«Establécese unha reserva de 6,277 millóns de dereitos/ano (un 4,30% da asignación media anual). Esta reserva ten a finalidade de garantir condicións equitativas entre as instalacións existentes e os novos entrantes e promover a mellora tecnolóxica.

Os dereitos asignados non expedidos, correspondentes a instalacións cuxas autorizacións se extingan, pasarán automaticamente á reserva para novos entrantes.»

Tres. O número 4. «Repartición de dereitos por actividades», queda modificado nos seguintes termos:

a) A táboa de repartición de dereitos por actividades ao comezo do punto substitúese pola seguinte:

Sector	Emisións							Asignación		
	1990	2000	2001	2002	2005	Media 2000-2005		Asignación efectiva en 2005 (11)	Asignación media anual 2005-2007	Asignación media anual 2008-2012
	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	PM/90	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>
1. Instalacións de combustión cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW, incluíndo:										
a) Instalacións de produción de enerxía eléctrica de servizo público (12).	61,61	86,77	81,26	95,95	101,24	91,30	48,2%	86,250	85,400	54,420
Total instalacións dos números 1 b) e 1 c) da Lei 1/2005.	12,50	14,23	14,45	16,63	20,43	16,43	31,5%	15,997	23,136	17,668
b) Instalacións de coxeración con independencia do sector en que dean servizo (exceptúanse os sectores enumerados nos números 2 ao 9 do anexo I da Lei 1/2005).		9,24	9,25	10,93	10,69	10,03			13,001	12,037
c) Outras instalacións de combustión cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW non incluídas nos números 2 a 9 (13).		4,99	5,20	5,70	9,74	6,41			10,135	5,630
2. Refinarías de hidrocarburos (14).	12,64	15,25	14,99	14,86	15,46	15,14	19,8%	15,250	15,250	16,133
3. Coquerías.										
4. Instalacións de calcinación ou sinterización de minerais metálicos incluído o mineral sulfurado.										
5. Instalacións para a produción de gusa ou de aceiro (fusión gusa ou secundaria), incluídas as correspondentes instalacións de coadura continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora (15).	13,83	10,79	10,74	10,85	11,05	10,86	-21,5%	11,495	11,230	12,212
6. Instalacións de fabricación de cemento sen pulverizar (clínker) en fornos rotatorios cunha produción superior a 500 toneladas diarias, ou de cal en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día, ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.	22,72	27,08	27,76	28,78	29,45	28,27	24,4%	30,292	29,991	31,427
Cemento.	21,14	24,99	25,68	26,58	27,38	26,16	23,7%	27,836	27,535	29,015
Cal.	1,58	2,09	2,08	2,20	2,06	2,11	33,4%	2,456	2,456	2,412
7. Instalacións de fabricación de vidro incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	1,77	2,49	2,63	2,76	2,57	2,61	47,6%	2,938	2,928	2,833
Vidro.	1,55	1,96	2,07	2,16	1,99	2,05	32,0%	2,253	2,244	2,209

Sector	Emisións							Asignación		
	1990	2000	2001	2002	2005	Media 2000-2005		Asignación efectiva en 2005 (11)	Asignación media anual 2005-2007	Asignación media anual 2008-2012
	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	PM/90	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>	Mill. t CO <sub>2</sub>
Fritas.	0,22	0,53	0,56	0,60	0,58	0,57	157,9%	0,685	0,684	0,624
8. Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enforamento, en particular de tellas, ladrillos, ladrillos refractarios, azulexos, gres cerámico ou porcelanas, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día, e, unha capacidade de enforamento de máis de 4 m <sup>3</sup> e de máis de 300 kg/m <sup>3</sup> de densidade de carga por forno.	4,30	6,10	6,43	6,61	4,90	6,01	39,8%	5,707	5,648	5,796
Ladrillos e tellas.	3,89	5,02	5,34	5,51	4,10	4,99	28,3%	4,799	4,773	4,357
Azulexos e baldosas (16).	0,41	1,08	1,09	1,10	0,80	1,02	148,2%	0,908	0,875	1,438
9. Instalacións industriais destinadas á fabricación de:	2,29	3,64	4,33	4,52	4,75	4,31	88,2%	5,313	5,298	5,483
a) Pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas.										
b) Papel e cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias.										
Total sectores comercio.	131,66	166,35	162,59	180,96	189,85	174,94	32,9%	173,241	178,881	145,973
Reserva.									3,294	6,277
% reserva sobre asignación.									1,84%	4,30%
Asignación incluíndo reserva.									182,175	152,250
Total emisións España (Mt CO <sub>2</sub> -eq) (17).	287,15	384,25	384,55	402,06						
% Comercio sobre total nacional.	45,9%	43,3%	42,3%	45,0%						

11. Asignación efectuada en 2005. Inclúe novos entrantes, descontos por atraso e execución de recursos de reposición.

12. Os datos de emisións históricas non inclúen as correspondentes á queima de gases siderúrxicos. Por comparabilidade, en 2005 restáronse 2,8 Mt para descontar este concepto. A mesma cantidade súmase ás emisións da siderurxia. O sector siderúrxico inclúe a asignación correspondente á queima destes gases. Inclúense aquí as instalacións mixtas; no Plan 2005-2007 estaban incluídas na epígrafe 1 c) da lei.

13. Débese advertir que as instalacións mixtas (centrais térmicas de ciclo combinado que dan tamén servizo como coxeración) e os atomizadores que dan servizo no sector de azulexos e baldosas se incluíron nesta epígrafe no Plan 2005-2007, mentres que neste plan se englobaron noutras epígrafes. De aí a aparente incoherencia entre asignación no Plan 2008-2012 e asignación no plan anterior e emisións en 2005. Nesta epígrafe inclúense instalacións adicionais como consecuencia da aplicación do acordo do Comité de Cambio Climático. As instalacións que se incorporaron coa ampliación da interpretación de instalación de combustión, Real decreto 777/2006, non estaban suxeitas ao comercio de dereitos de emisión en 2005. As emisións de 2005 correspondentes a estas instalacións estimáronse e sumáronse.

14. Inclúense as plantas de hidróxeno cando o seu titular é o da refinaría.

15. Emisións e asignacións sumando os gases siderúrxicos e coquerías.

16. No Plan 2008-2012 o sector de azulexos e baldosas inclúe os atomizadores, dispositivos que no Plan 2005-2007 se clasificaron como instalacións da epígrafe 1.c da lei. Habería que sumar uns 0,5 Mt de CO<sub>2</sub> ás emisións e asignacións 2005-2007 co obxecto de comparar coa asignación no Plan 2008-2012.

17. Todos os gases de efecto invernadoiro e todos os sectores.

b) O parágrafo sétimo do número 4.A.c) Outra combustión: epígrafe 1.c) da Lei 1/2005 queda redactado como segue:

«Como resultado final desta metodoloxía, unha vez descontadas as emisións dos novos entrantes, a asignación para o período 2008-2012 para as instalacións existentes da epígrafe 1.c do anexo I da Lei 1/2005 –sector dos dispositivos de máis de 20 MW– alcanza a cifra de 5,630 Mt de dióxido de carbono».

Catro. No número 5.B.a. «Asignación de dereitos a cada instalación», a fórmula queda redactada nos seguintes termos:

$$fa = \frac{54,420 \text{ MtCO}_2}{\sum Ei \text{ (xeración – epígrafe 1.a)}}$$

Cinco. O punto 7.B «Reserva» queda redactado como segue:

«Constitúese unha reserva equivalente ao 4,30% dos dereitos de emisión asignados ás instalacións incluídas no plan.

Os dereitos da reserva non empregados antes do 30 de xuño de 2012 poderán ser alleados conforme o disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

O Goberno non dotará de xeito adicional a reserva en caso de que quede esgotada antes de finalizar o período de vixencia do plan».

Disposición derradeira primeira. *Natureza básica e título competencial.*

Este real decreto ten natureza básica e dítase ao abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordi-

nación da planificación xeral da actividade económica e da lexislación básica sobre protección do ambiente previstas no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ